



SECTOR LÁCTEO

INFORME SECTORIAL 9

Informe DOPs de queixos galegos 2011-2022



Fundación Juana de Vega
2024



Fundación
Juana de Vega



Informe DOPs de queixos galegos 2011-2022

Preséntase neste informe unha breve análise dos principais datos das catro D.O.P. galegas de queixos (Queixo Tetilla, Arzúa-Ulloa, Cebreiro e San Simón da Costa) desde o ano 2011 ata o ano 2022. Estes proveñen das fichas técnicas das propias Denominacións, publicadas pola Axencia Galega de Calidade Alimentaria (AGACAL), dependente da Consellería do Medio Rural, e do informe “Datos de las Denominaciones de Origen Protegidas (D.O.P.), Indicaciones Geográficas Protegidas (I.G.P.) y Especialidades Tradicionales Garantizadas (E.T.G.) de Productos Agroalimentarios. Año 2022” do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA).

O número de explotacións, cabezas de gando e operadores non se pode presentar de forma conxunta (Táboa 1), xa que motivado polo ámbito xeográfico da D.O.P. Queixo Tetilla (todo o territorio galego), hai explotacións e operadores industriais que poden entregar leite e fabricar queixos para dúas D.O.P. Por exemplo, nunha consulta realizada para a elaboración da Estratexia de Dinamización do Sector Lácteo de Galicia á AGACAL no ano 2020, operaban baixo estas marcas de calidade diferenciada 46 empresas, das cales, 20 estaban certificadas en dúas D.O.P.



A continuación preséntanse os datos das D.O.P. durante o 2022, comparándoo con 2011 e 2021. Na D.O.P. Queixo Tetilla había inscritas 725 explotacións (-68,0% desde 2011 e -44,4% respecto do 2021), que contaban con 20.020 cabezas (-71,8% desde 2013 e -40,2% respecto do 2021), e tiña 25 operadores industriais rexistrados (-32,4% desde 2011 e -16,7% respecto do 2021).

Na D.O.P. Arzúa-Ulloa había inscritas 1.513 explotacións (+51,3% desde 2011 e -2,3% respecto do 2021), que contaban con 45.314 cabezas (+29,5% desde 2011 e -2,2% respecto do 2021), e tiña 16 operadores industriais rexistrados (-33,3% desde 2011 e -11,1% respecto do 2021).

Na D.O.P. Cebreiro había inscritas 9 explotacións (+50,0% desde 2011 e igual ao 2021), que contaban con 870 cabezas (+197,9% desde 2011 e +1,2% respecto do 2021), e tiña 3 operadores industriais rexistrados (-25,0% respecto do 2011 e igual ao 2021).

Por último, na D.O.P. San Simón da Costa había inscritas 380 explotacións (+190,1% desde 2011 e igual ao 2021), que contaban con 12.969 cabezas (+152,7% desde 2011 e +0,3% respecto do 2021), e tiña 9 operadores industriais rexistrados (-18,2% desde 2011 e igual ao 2021).

Tabla 1. Explotacións, cabezas de gando e número de operadores en cada D.O.P. (2011-2022).

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da AGACAL e do MAPA.

ANO	QUEIXO TETILLA			ARZÚA-ULLOA		
	Explotacións inscritas	Cabezas produtoras	Queixerías	Explotacións inscritas	Cabezas produtoras	Queixerías
2011	2.263	-	37	1.000	35.000	24
2012	2.819	-	39	1.042	36.678	24
2013	2.574	70.915	40	1.150	30.671	23
2014	2.188	58.045	36	1.222	33.141	21
2015	1.720	42.812	38	1.238	33.909	22
2016	1.821	44.877	38	1.303	38.634	21
2017	1.760	43.267	36	1.347	33.698	21
2018	1.902	43.086	35	1.504	37.625	20
2019	1.795	45.352	33	1.252	35.732	20
2020	1.248	32.412	35	1.540	44.572	19
2021	1.303	33.453	30	1.548	46.356	18
2022	725	20.020	25	1.513	45.314	16



ANO	CEBREIRO			SAN SIMÓN DA COSTA		
	Explotacións inscritas	Cabezas produtoras	Queixerías	Explotacións inscritas	Cabezas produtoras	Queixerías
2011	6	292	4	131	5.133	11
2012	6	290	4	107	2.784	11
2013	9	357	4	105	3.142	11
2014	7	370	4	107	2.819	11
2015	9	370	4	285	8.381	11
2016	9	329	5	334	11.450	11
2017	11	600	5	346	11.916	10
2018	11	600	5	350	12.822	10
2019	14	620	4	368	12.582	10
2020	9	856	4	374	12.712	9
2021	9	860	3	380	12.934	9
2022	9	870	3	380	12.969	9

Na Figura 1 pode verse a evolución da produción das catro D.O.P. en toneladas e na Figura 2 a evolución establecendo os datos de 2011 como base 100, o que facilita a análise de cada D.O.P. por separado, ao existir grandes diferenzas na produción entre as diferentes D.O.P.

Despois da forte caída sufrida pola D.O.P. Queixo Tetilla no período 2011-2013, o que provocou que pasase de 1.938 t a 1.364 t (o 70% da produción de 2011), esta segue recuperando a produción pouco a pouco, chegando no 2022 ás 1.895 t, o 98% da produción de 2011 e a maior cifra dos últimos 10 anos, medrando un 4,0% respecto ao 2021.

A produción da D.O.P. Arzúa-Ulloa, que é a maior das D.O.P.s galegas e é a segunda das D.O.P.s de queixos de España, tamén tivo un crecemento moderado respecto ao ano 2021, cun 5,4%, quedando cerca dos 4 millóns de kg.

A D.O.P. Cebreiro, cunha produción de 55 t no ano 2022 é a máis pequena das catro, tivo un aumento porcentual semellante a Queixo Tetilla e Arzúa-Ulloa, 4,3% respecto ao 2021.

A forte evolución da D.O.P. San Simón da Costa rexistrada antes da COVID-19 e no ano 2021 veuse freada, medrando en 2022 un 2,0% respecto ao ano previo, alcanzando as 606 t.




Figura 1. Evolución da produción (t) das distintas D.O.P. de queixo de Galicia (2011-2022).

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da AGACAL e do MAPA.

Estes números fan que a produción total das 4 D.O.P.s ascendese en 2022 ás 6.520 t, a cifra máis alta acadada no período analizado, superando nun 4,6% á cifra do ano 2021 e nun 12,2% á cifra do ano 2011. Con todo, como se pode ver na Figura 2, a evolución das D.O.P. vai a diferente ritmo, mentres que as máis grandes medran a un ritmo máis moderado, as dúas máis pequenas tiveron un maior aumento das producións.




Figura 2. Evolución da produción (2011 base 100) das distintas D.O.P. de queixo de Galicia (2011-2022).

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da AGACAL e do MAPA.



Na Táboa 2 pode verse o leite destinado á elaboración de queixo producido baixo unha marca protexida, para ter unha idea máis clara do peso das D.O.P.s na produción de leite de Galicia. As catro marcas de calidade diferenciada empregaron 53,2 millóns de litros de leite de vaca durante o ano 2022, que representan o 1,84% do leite producido en Galicia no ano (a produción dunha semana). Este dato é inferior en case 1 millón de L (-1,37%) ao leite empregado no ano 2021 e 1,5 millóns de L superior ao de 2011 (+3,27%) o que implica que o seu peso porcentual sobre a produción total de Galicia non teña unha gran variación, pasando do 1,86% de 2021 ao 1,84%, pero si é inferior ao dato de 2011, 2,23%, motivado polo maior aumento das entregas de leite ás industrias (+25,0%) que o do leite empregado para a elaboración dos queixos D.O.P. galegos.

Tabla 2. Leite destinado á elaboración de queixo protexido en cada D.O.P. (2011-2022).

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da AGACAL e do MAPA.

ANO	LEITE DESTINADO AOS QUEIXOS (L) NAS DOP				TOTAL
	Queixo Tetilla	Arzúa-Ulloa	Cebreiro	San Simón da Costa	
2011	16.926.803	30.543.141	244.763	3.790.248	51.504.955
2012	14.661.187	30.704.781	237.728	3.517.753	49.121.449
2013	11.719.152	28.583.320	270.100	3.643.797	44.216.369
2014	11.981.672	28.567.163	279.000	3.699.616	44.527.451
2015	12.355.265	30.376.644	249.507	4.483.055	47.464.471
2016	12.593.953	30.467.519	N/D	4.624.563	47.686.035
2017	12.892.954	30.901.673	341.501	4.863.760	48.999.888
2018	12.990.678	30.120.545	N/D	5.038.726	48.149.949
2019	13.745.213	32.188.912	338.455	5.456.441	51.729.021
2020	13.566.468	32.591.232	293.580	4.616.634	51.067.914
2021	14.123.919	33.551.302	390.171	5.863.910	53.929.302
2022	15.237.105	31.555.650	440.015	5.956.547	53.189.317

Non se analiza a evolución por D.O.P., pois vai parella á produción de queixo, xa que o leite necesario para elaborar un kg de queixo apenas presenta variacións dentro de cada D.O.P., aínda que si hai diferenzas entre elas. No ano 2022 as D.O.P.s Queixo Tetilla, Arzúa-Ulloa e Cebreiro empregaban de media 8,0 L/kg e San Simón da Costa 9,8 L/kg.



O valor económico estimado das catro D.O.P.s ascendeu no ano 2022 aos 49,66 millóns de € (Táboa 3), un 24,7% máis que no ano 2021, cifra claramente influenciada polo contexto de inflación xeral da economía española nestes anos. Con todo, deberíase de ter en conta que no mesmo contexto, esta estimación no 2021 apenas reflectiu ascenso, polo que a cifra de 2022 pode reflexar un aumento acumulado nos últimos 2 anos. Observando os prezos por D.O.P., o prezo medio estimado do queixo da D.O.P. Queixo Tetilla era de 6,24 €/kg, o da D.O.P. Arzúa-Ulloa 8,00 €/kg, o da D.O.P. Cebreiro 12,04 €/kg e o da D.O.P. San Simón da Costa 9,00 €/kg. Chama a atención que para Queixo Tetilla seguen estimando 6,24 €/kg como nos últimos 12 anos, o que semella que non é real e resta credibilidade a calquera estudio que se poida facer relativo a este tema, así como aumenta a incerteza sobre os outros resultados dos informes.

Tabla 3. Valor económico estimado (millóns de €) en cada D.O.P. (2011-2022).

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da AGACAL e do MAPA.

ANO	VALOR ECONÓMICO ESTIMADO (MILLÓNS DE €) NAS DOP				TOTAL
	Queixo Tetilla	Arzúa-Ulloa	Cebreiro	San Simón da Costa	
2011	12,09	21,41	0,29	2,87	36,66
2012	10,65	21,53	0,29	3,06	35,53
2013	8,51	20,04	0,24	2,79	31,58
2014	8,69	20,22	0,41	2,66	31,98
2015	8,79	21,22	0,31	3,25	33,57
2016	9,10	23,01	0,31	3,31	35,73
2017	9,43	23,07	0,41	3,51	36,42
2018	9,48	22,56	0,75	3,67	36,46
2019	10,98	22,11	0,51	4,02	37,62
2020	10,89	23,55	0,46	3,35	38,25
2021	11,38	23,52	0,60	4,32	39,82
2022	11,83	31,72	0,66	5,45	49,66

A evolución da produción de queixos galegos amparados baixo marcas de calidade diferenciada, empeorou no 2022, o que amosa as dificultades destes para gañar posición nos mercados, tanto nacionais como internacionais. Con respecto ao resto de D.O.P.s e I.X.P.s de queixo de España, a cota de mercado situábase para a D.O.P. Queixo Tetilla nun 5,73%, para a D.O.P. Arzúa-Ulloa nun 11,98%, para a D.O.P. Cebreiro nun 0,17% e para a D.O.P. San Simón da Costa nun 1,83%. Tendo en conta unicamente o mercado nacional, a cota de mercado de Queixo Tetilla era do 8,25%, de Arzúa-Ulloa do 20,37%, de Cebreiro do 0,28% e de San Simón da Costa do 2,86%.



A variación das cifras anteriores está motivada porque, tal e como se reflicte na Táboa 4, as D.O.P.s galegas de queixo apenas teñen mercado no exterior, cunha exportación entre as catro que non chega ás 350 t de produto (5,2% do total da produción do ano 2022), destas, 209 t van a países da UE e 133 t a terceiros países. Analizadas de forma individual, destacan a D.O.P. Queixo Tetilla, cun 15,4% e a D.O.P. San Simón da Costa, cun 8,0% da súa produción exportada, mentres que a D.O.P. Arzúa-Ulloa non exporta nin o 0,1% da produción e a D.O.P. Cebreiro 0 kg.

Tabla 4. Mercado nacional e internacional (U.E. e países terceiros) das distintas D.O.P. de queixo de Galicia no ano 2022 (kg).

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da AGACAL e do MAPA.

DOP	MERCADO (Kg)			
	Nacional	U.E.	Países Terceiros	Total
Queixo Tetilla	1.604.131	198.393	92.635	1.895.160
Arzúa-Ulloa	3.963.321	197	1.472	3.964.989
Cebreiro	54.820	0	0	54.820
San Simón da Costa	557.035	10.092	38.440	605.567
TOTAL	6.179.306	208.683	132.547	6.520.536

Por último, na Táboa 5 poden verse os datos de comercio nacional e internacional (ano 2022) da D.O.P. de queixo española máis grande, Queso Manchego, a suma das D.O.P.s de queixo de Galicia e as restantes D.O.P. e I.X.P.s españolas de queixos. No mercado nacional, aínda que é a que ten unha cota de mercado máis grande, Queso Manchego só supón o 27,7% do total (Arzúa-Ulloa é a segunda de España co 20,4%), mentres que a suma das catro D.O.P.s galegas chega ao 31,8% e as restantes D.O.P.s de queixo de España supoñen o 40,6%. Onde hai gran diferenza é no mercado internacional, xa que o 75,5% das exportacións á U.E. son da D.O.P. Queso Manchego, o 5,9% das D.O.P.s galegas e o 18,6% restante das outras D.O.P.s. As diferenzas nesta cota de mercado aínda aumentan nos países terceiros, aumentando ata o 87,7% Queso Manchego, descendendo ao 1,3% as D.O.P.s galegas e ao 11,0% as restantes D.O.P.s e I.X.P.s de queixos de España.



Tabla 5. Mercado nacional e internacional (U.E. e países terceiros) da D.O.P. Queso Manchego, a suma das D.O.P.s de queixos de Galicia e as restantes D.O.P.s e I.X.P.s de queixo de España no ano 2022 (kg).


Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da AGACAL e do MAPA.

	MERCADO (Kg)			
	Nacional	U.E.	Países Terceiros	Total
DOP Queso Manchego	5.385.462	2.678.635	8.859.992	16.924.089
DOPs Queixos galegos	6.179.306	208.683	132.547	6.520.536
Restantes DOPs e IXP	7.888.937	658.890	1.106.149	9.653.976
TOTAL	19.453.705	3.546.209	10.098.688	33.098.602

Como xa se puxo de manifesto na Estratexia de Dinamización do Sector Lácteo Galego, a dificultade para facerse oco no mercado deriva en boa parte das características dos queixos galegos: queixos frescos, de curta duración e con dificultades para viaxaren. Por este motivo, sinalouse a necesidade de adaptar os formatos (tamaño) ás características e demandas dos consumidores, apuntando á necesidade de “utilizar a tecnoloxía ao servizo da tradición” e avanzar cara a outras presentacións como cuñas, loncheados ou outros formatos de consumo.

SERVIZO DE ESTUDOS E INFORMES SECTORIAIS DA FUNDACIÓN JUANA DE VEGA

ISSN: 2792-3789



Fundación
Juana de Vega